# HISTORIA DA MÚSICA

**Opción A (teórico)**

TEMA: *A interpretación musical*

a) A música de cámara: diferentes combinacións.

b) Os solistas instrumentais ó longo da historia.

**Opción A. *Definicións*:**

1. Concertino.
2. Óboe.
3. A sala de concertos.
4. O foso da orquestra.

**Opción B (teórico)**

TEMA: *O Barroco*

a) O nacemento da melodía acompañada.

b) Claudio Monteverdi.

**Opción B. *Definicións*:**

1. Recitativo.
2. Madrigal.
3. Tenor.
4. Camerana Bardi.

**Audicións (práctico)**

**1ª opción.** (3 minutos)

a) Identificar a obra e datación aproximada.

b) Indicar o autor e o seu contexto.

c) Instrumentos participantes.

d) Xénero e estrutura da obra.

**2ª opción.**

a) Identificar a obra e datación aproximada.

b) Indicar o autor e o seu contexto.

c) Instrumento que intervén.

d) Xénero ó que pertence.

# HISTORIA DA MÚSICA

**Opción A (teórico)**

TEMA: *A música relixiosa no século XVI.*

a) A reforma protestante: Lutero.

b) G.P. da Palestrina.

**Opción A. *Definicións*:**

1. A fuga.
2. O *coral* protestante.
3. O motete.
4. O órgano (instrumento musical).

**Opción B (teórico)**

TEMA: *O piano romántico.*

a) Tendencias e autores máis representativos.

b) Federico Chopin.

**Opción B. *Definicións*:**

1. Instrumentos de vento-metal.
2. Clave de Fa e clave de Sol.
3. *Scherzo*.
4. Escala cromática.

**Audicións (práctico)**

**1ª opción.**

a) Identificar a obra e datación aproximada.

b) O autor e o seu contexto.

c) Voces participantes.

d) Xénero ó que pertence.

**2ª opción.** (3 minutos)

a) Identificar a obra e datación aproximada.

b) Indicar o autor e o seu contexto.

c) Materiais que interveñen.

d) Xénero ó que pertence.

# Criterios de Avaliación / Corrección

## CONVOCATORIA DE XUÑO

Con carácter xeral, son válidos os criterios fixados no DOG. Valorarase, así mesmo, a capacidade do alumnado para encadrar adecuadamente a forma musical obxecto de exame, ben en pregunta teórica ben en audición, no contexto histórico que lle deu orixe, achegando cantos máis datos poida sobre a devandita forma musical, as súas características propias, o estilo do compositor, o seu lugar na sociedade do momento etc.

En canto á proba específica de audición, valorarase que o alumno poida encadrala adecuadamente no seu período histórico exacto, recoñecendo, a ser posible, a obra de que se trata; así mesmo, determinar a súa forma musical, os instrumentos que nela concorren, os trazos estilísticos que a caracterizan e o lugar que ocupa na produción musical do compositor, naqueles casos nos que esta información poida obterse / deducirse da audición.

Todos estes aspectos deberán ser desenvolvidos cunha lóxica interna na que prime, ademais dos criterios antes sinalados, o principio da non existencia de ideas contraditorias ou incompatibles dentro do mesmo comentario en particular e en xeral de todo o exame.

**CUALIFICACIÓNS**

1.- Haberá dous bloques, teórico e práctico, que globalmente terán a puntuación de 6 o teórico e 4 o práctico.

**Teórico (6 puntos)**

Tema 4 puntos

Definicións 2 puntos

**Práctico (4 puntos)**

TEMAS:

Audición 1: Autor, ***Obra***.

Audición 2: Autor, ***Obra***.

## CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Con carácter xeral, son válidos os criterios fixados no DOGA. Valorarase, así mesmo, a capacidade do alumnado para encadrar adecuadamente a forma musical obxecto de exame, ben en pregunta teórica, ben en audición, no contexto histórico que lle deu orixe, achegando cantos máis datos poida sobre a devandita forma musical, as súas características propias, o estilo do compositor, o seu lugar na sociedade do momento etc.

En canto á proba específica de audición, valorarase que o alumno poida encadrala axeitadamente no seu período histórico exacto, recoñecendo, a ser posible, a obra de que se trata; así mesmo, determinar a súa forma musical, os instrumentos que nela concorren, os trazos estilísticos que a caracterizan e o lugar que ocupa na produción musical do compositor, naqueles casos nos que esta información poida obterse ou deducirse da audición.

Todos estes aspectos deberán ser desenvolvidos cunha lóxica interna na que prime, ademais dos criterios antes sinalados, o principio da non existencia de ideas contraditorias ou incompatibles dentro do mesmo comentario en particular e en xeral de todo o exame.

Máis concretamente, na ***Sinfonía Italiana*** de Mendelssohn, aínda que non se especifique a obra ou o autor, teranse en conta as apreciacións contextuais referentes a Romanticismo, orquestra e todo o relativo a aspectos interpretativos en torno á orquestra beethoveniana.

**CUALIFICACIÓNS**

1.- Haberá dous bloques, teórico e práctico, que globalmente terán a puntuación de 6 o teórico e 4 o práctico.

**Teórico (6 puntos)**

Tema 4 puntos

Definicións 2 puntos

**Práctico (4 puntos)**

Audición 1: Ruperto Chapí, Dúo de ***A Revoltosa***

Audición 2: Mendelssohn, ***Sinfonía Italiana*** (1º movemento)